

# **“PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN NO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DOS ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS FESTAS DE VIGO 2010”**

## **1.- OBXECTO.**

O obxecto do presente contrato é a prestación de servizos para a produción integral dos espectáculos no auditorio ao aire libre de Castrelos “Festas do Verán” organizados polo Concello de Vigo a través da Area de Cultura e Animación Sociocultural, e conforme datas, lugares e tipoloxías do evento que se relacionan a continuación:

**CONCERTOS E FESTIVAIS NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS:** Nove concertos, do 14 de xullo ao 14 de agosto, a partir das 22:30 horas. (Tipoloxías A1, A2 e A3).

- ✓ 14 de xullo: NORAH JONES (concerto internacional) (A1)
- ✓ 18 de xullo: PATTI SMITH (concerto internacional) (A3)
- ✓ 22 de xullo: JOAN MANUEL SERRAT (concerto nacional) (A1)
- ✓ 30 de xullo: CORAL CASA BLANCA (A2)
- ✓ 31 de xullo: UN MAR DE CORAIS. (A2)
- ✓ 6 de agosto: PUBLIC ENEMY “ O MARISQUIÑO” (concerto internacional) (A1)
- ✓ 7 de agosto: DAVID BISBAL (concerto nacional) (A1)
- ✓ 9 de agosto: “CASTRELOS CIRCUS” (espectáculo circense internacional) (A3)
- ✓ 14 de agosto: MIKA (concerto internacional) (A1)

## **2.- DESCRICIÓN E CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS XERAIS DO SERVIZO:**

A produción do espectáculo deberá estar realizada coa antelación suficiente, para que estes poidan celebrarse, sendo directamente responsábel do pagamento dos artistas e dos gastos ocasionados se non estivese cuberta a produción co prazo suficiente requirido polo artista para o concerto, sen prexuízo da posíbel petición de indemnización por parte do Concello de Vigo. No caso de suspensión do concerto por causas de forza maior ou porque o artista non comparecese, o Concello aboará igualmente o prezo pactado salvo as modificacións de datas, lugar e produción comunicadas polo Concello á empresa adxudicataria coa antelación de 48 horas.

Deberase contar cun equipo de pre-produción, a maiores do especificado para cada espectáculo, co fin de inspeccionar a dispoñibilidade e determinar as necesidades de adecuación previas de cada recinto, realización do plan de produción de cada evento, contactos cos managers dos artistas, coordinación con cada un dos participantes na organización do evento (Concello, artista, manager, promotor, protección civil, cruz vermella)

### **2.1.- Instalación das instalacións e equipamentos necesarios para a realización do programa.**

A empresa adxudicataria executará todos os compromisos técnicos que o Concello de Vigo teña adquiridos nos contratos asinados para as actividades e actuacións artísticas deste

programa, no referente á instalación e disposición de elementos materiais e equipamentos (escenarios, valados, equipos de son e luces, reforzos de son, mobiliario, cadeiras) así como a colocación de carteis, bandeirolas e outros elementos de promoción e publicidade no lugar de actuación.

**2.2.- Prestación de servizos auxiliares de persoal de produción e organización.** A empresa adjudicataria executará todos os compromisos referentes ao persoal organizativo e auxiliar que o Concello de Vigo teña adquiridos nos contratos asinados para as actividades e actuacións artísticas deste programa, e todas as que sexan necesarias para a súa produción.

O persoal para a produción dos espectáculos levará visible unha acreditación identificativa co distintivo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.

A empresa adjudicataria queda obrigada a cumprir a normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención dos riscos laborais que se atope vixente en cada momento.

A empresa designará **un Produtor Executivo** como máximo responsable da execución produción, coordinación cos xefes responsables de produción nos distintos espazos a pé de escenario managers e road-managers dos artistas; sendo este posto de traballo o único interlocutor válido da empresa ante o persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural. Entre as súas principais funcións están as de controlar que as distintas empresas que participan no proceso de organización ou produción dos espectáculos, en calquera dos lugares programados, cumpran cos cometidos que se teñen contratados polo Concello; coordinar en tempo, lugar e forma os distintos servizos ou subministracións contratados para que o espectáculo se desenvolva en óptimas condicións; control sobre o cumprimento de horarios de todo o persoal contratado.

Dentro das funcións xerais do adjudicatario será contabilizar o número de asistentes a cada un dos espectáculos que figuran no programa, informando por escrito á Concellaría de Cultura e Animación sociocultural, á finalización de cada unha das semanas de programación, e sempre antes das 12:00 horas do luns seguinte.

En cumprimento da Ordenanza municipal de Normalización Lingüística, todo o persoal contratado deberá dirixirse en todo momento ao público na lingua galega, salvo que se lle solicite por parte dos usuarios o emprego do castelán.

**2.3.- Prestación dos servizos de catering dos artistas, protección civil e zona vip.** A empresa adjudicataria atenderá todos os compromisos de “catering” que o Concello teña asumidos nos contratos dos espectáculos e actividades do programa das “Festas de Verán e Semana Grande das Festas de Vigo 2010” que figuran nas presentes bases, tanto no auditorio de Castrelos como no resto de espazos da cidade. En xeral, estes compromisos segundo rider, consisten na subministración mínima en cada caso de:

- \* Sandwiches variados.
- \* Refrescos variados, cervexas, xeo, cubiteira ou aparato frigorífico.
- \* Auga mineral en abundancia.
- \* Vasos, manteis, servilletas de papel e outro material necesario.
- \* Bandexas de froitas variadas.
- \* Termo con auga quente, sobres de infusións variadas.

\* Café, leite, crema, azucre, sacarina...

Este material deberá estar disposto nos camerinos dos artistas, cunha hora de antelación ao comezo da actuación ou no seu caso cando indique o responsable dos artistas.

Así mesmo, incluírá todo o material necesario para servir o “catering”, así como a súa montaxe e posterior desmonte, ademais do persoal que se precise para atender os artistas e técnicos.

Para os equipos de montaxe e desmonte dos espectáculos, subministraranse un total de 50 litros de auga mineral, segundo o seguinte:

- \* 20 litros ao comezo da montaxe.
- \* 10 litros ao comezo das probas de son.
- \* 20 litros ao comezo do desmonte.

Para as dotacións de Protección Civil e presente nos espectáculos, subministrárase, auga e bocadillos variados para un mínimo de 25 persoas, segundo a dotación enviada en cada caso.

Nos concertos do auditorio de Castrelos, subministrárase un “catering” VIP para un número aproximado de 20 persoas, composto de bocadillos e refrescos varios, augas minerais, froita fresca e repostería.

**2.4.- Limpeza das instalacións:** A empresa adxudicataria será a responsable da limpeza e mantemento das seguintes instalacións:

- Auditorio de Castrelos: limpeza xeral de todas as instalacións: escenario, camerinos, oficinas, backstage, platea e demais espazos de acceso do público, así como o graderío exterior).

Así mesmo, incluírase un retén de mantemento os días de programación en cada recinto, segundo o seguinte:

- Auditorio de Castrelos: 1 persoa dende as 8:00 horas ata a finalización do espectáculo.

Así mesmo, a empresa adxudicataria encargárase de subministrar todo o material de limpeza e de carácter sanitario necesario para desenvolver esta tarefa: papel hixiénico, toallas, xabón e todo aquilo que sexa requirido polo responsable de organización do Concello, de cara a satisfacer as necesidades dos artistas e do público asistente, reponéndoo de inmediato sempre que sexa necesario.

**2.5.- Explotación de cantinas:** A empresa adxudicataria será a responsable da explotación en exclusiva das dúas cantinas situadas no interior do auditorio de Castrelos, así como de catro quioscos a instalar na zona do graderío, segundo as condicións que deseguido se indican. A total recadación deste servizo será para a empresa adxudicataria.

Esta explotación realizarase segundo as seguintes condicións:

- A explotación de quioscos e bares realizarase soamente durante a celebración de espectáculos organizados polo Concello de Vigo.

- A superficie máxima a ocupar polos postos a instalar na parte superior das gradas do Auditorio de Castrelos non poderán superar os 10 m<sup>2</sup>, cada un, debendo instalarse a 5 metros de distancia respecto á última grada de pedra e situándose nos extremos do arco e nos espazos centrais, equidistantes entre si. A tipoloxía das instalacións deberá harmonizar co entorno, con materiais adecuados, de boa calidade e en bo estado de conservación.
  - O adxudicatario da explotación deberá atender as indicacións dos responsables municipais da organización para corrixir a incidencia da actividade dos bares e cantinas durante o desenvolvemento dos espectáculos.
  - En todos os postos poderán venderse xeados, refrescos, bocadillos, pratos rápidos e outros de semellantes características.
  - As autorizacións teñen carácter provisional e concédense en precario, referida soamente os días e períodos sinalados anteriormente.
  - O persoal, os produtos e utensilios que se expoñan en cada posto deberán respectar as normas sobre hixiene, seguridade e demais disposicións impostas pola lexislación vixente.
  - Todos os utensilios, aparatos e establecementos que sexan necesarios para a explotación dos bares deberán ser por conta do adxudicatario.
  - Durante os días de celebración dos espectáculos, a venda de calquera tipo de bebidas ou produtos non poderán realizarse en envases de vidro, metálicos ou en calquera outro material que pola súa propia natureza ou como consecuencia da súa manipulación, sexa susceptible de causar dano a persoas ou bens.
  - Os días de celebración dos espectáculos o horario mínimo de funcionamento ao público dos bares será dende o momento de apertura das portas ao público (inicialmente previsto para as 21:30h.) ata 30 minutos despois de rematado o espectáculo; nos postos das gradas o horario será o mesmo.
  - En caso de producirse algunha ampliación da programación oficial, o adxudicatario tamén prolongará o servizo. No caso de suspensión dalgún espectáculo neste recinto, o adxudicatario non terá que prestar o servizo, pero tampouco percibirá ningunha indemnización por parte do Concello de Vigo.
  - O adxudicatario exporá en cada punto de venda e en lugar perfectamente visible para o público, o horario de funcionamento e as listas de prezos de venda ao público.
- A empresa adxudicataria deberá presentar nun prazo mínimo de cinco días hábiles anteriores ao comezo da explotación deste servizo, a relación de artigos que se vaian vender, coa correspondente proposta de prezos de venda ao público.
- O adxudicatario facilitará á Concellaría Cultura e Animación Sociocultural a relación nominal do persoal relacionado cos bares dos recintos, co obxecto de elaborar as credenciais persoais para o seu acceso. O persoal dos bares queda obrigado a exhibir a acreditación permanentemente no recinto.
  - O Concello de Vigo subministrará auga corrente e enerxía eléctrica aos bares do recinto pechado do auditorio. A instalación eléctrica e o consumo do fluído eléctrico correrán por conta do adxudicatario no resto dos postos; a instalación terá que realizarse por instalador autorizado.
  - As subministracións de calquera tipo aos bares do recinto pechado, non se poderán realizar a partir das 17:30h.; nos restantes puntos rexerán as normativas sobre este particular.
  - O adxudicatario asumirá a limpeza dos postos e cantinas, así como a das súas

inmediacións.

- O titular queda obrigado a manter en bo estado as instalacións, dispoñendo do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidente para os usuarios; sendo necesario garantir a evacuación e retirada do dominio público dos residuos líquidos e sólidos, para ser autorizado o inicio da explotación.
- A execución e a explotación das instalacións levarase a cabo co exclusivo risco e responsabilidade do titular da autorización. O outorgamento da autorización non exime o seu titular, da obtención doutras autorizacións legalmente procedentes.
- En caso de incumprimentos das condicións anteriores, aplicaranse as sancións que os órganos de goberno do Concello de Vigo estime oportunas, segundo a súa gravidade.
- O adxudicatario comprométese a realizar a venda en exclusiva das marcas de bebidas patrocinadoras das Festas de Verán que teñan establecido acordo coa Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.

**2.6.- Seguridade dos espectáculos:** A empresa adxudicataria queda obrigada a cumprir a normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención dos riscos laborais que se atope vixente en cada momento.

A empresa contratada, baixo as ordes directas da xefatura do Servizo de Animación Sociocultural do Concello de Vigo, e seguindo as súas instrucións, asume a seguridade do espectáculo e dos artistas, atendendo de forma especial o coidado das instalacións e as necesidades plantexadas polos artistas nos respectivos contratos asinados co Concello de Vigo; así mesmo velarase pola seguridade do público respecto das montaxes e instalacións. Neste sentido deberá cumprir co estipulado no Regulamento Xeral de Policía de espectáculos e actividades recreativas e calquera outra lexislación aplicable en materia de seguridade.

Entre as **obrigas principais** a asumir pola empresa inclúense as seguintes:

a) Co fin de dar cumprimento a Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, e o RD 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais, a empresa presentarán a seguinte documentación:

- Avaliación de riscos laborais e planificación da súa actividade preventiva para os servizos contratados
- Copia dos tc2 dos traballadores que participan no servizo que será actualizada mensualmente mentres duren os traballos.
- Declaración expresa conforme se cumpriron ás obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores/as que vaian prestar os seus servizos nos centros de traballo do Concello.
- Declaración expresa conforme se cumpriron as obrigas derivadas do artigo 22 da Lei de prevención de riscos laborais en materia de vixilancia da saúde.
- Información sobre os riscos específicos das actividades que poidan afectar aos traballadores/as do Concello ou doutras empresas presentes, segundo modelo achegado polo Concello de Vigo.
- Designación dos recursos preventivos presentes no desenvolvemento dos traballos.
- En caso de que se teña previsto subcontratar parte dos traballos, declaración expresa, indicando os medios de coordinación que se adoptarán entre o/a contratista e o/a

subcontratista.

- Compromiso de comunicar calquera cambio que se produza na realización dos traballos que afecte a algún dos puntos anteriores, segundo modelo achegado polo Concello de Vigo.
- Compromiso de informar ao Concello de Vigo sobre os accidentes de traballo graves, moi graves ou mortais que se produzan.
- Compromiso de comunicar toda situación de emerxencia susceptible de afectar á saúde ou á seguridade dos traballadores/as das empresas presentes no centro de traballo.
- Compromiso de comunicar os posibles riscos detectados no centro de traballo.

b) Ter subcrita unha póliza de seguro que cubra a responsabilidade civil por un importe de 1.200.000 euros derivada da execución do contrato. A empresa adxudicataria terá que presentar copia da póliza e copia do último recibo que xustifique que esta ao corrente no pagamento ata finalizar o período de contratación.

c) Impedir o acceso ao local de actuación do público e de persoas alleas á organización do espectáculo ou ao equipo artístico (músicos, técnicos, etc.), dende o momento de inicio da montaxe do espectáculo ata o remate do desmonte. O público accederá ao recinto, como mínimo, unha hora antes do comezo do espectáculo e unha vez rematadas as probas de son.

d) Garantir que o público non teña acceso, en ningún momento, ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de control de son e luces e calquera outra zona de acceso restrinxido que se poida determinar. As únicas persoas que poderán permanecer no escenario ou nas zonas restrinxidas pertencen aos grupos dos artistas ou á organización, pero estarán debidamente acreditadas e cumprindo funcións relacionadas co desenvolvemento do espectáculo na área na que se atopen.

e) Control e custodia do chaveiro xeral dos espazos onde se desenvolvan as actividades.

f) Dispor un servizo de vixilancia permanente nos camerinos, dende o momento en que se requira polo representante dos artistas ou da organización e ata o momento da retirada dos depósitos realizados nestas dependencias. As chaves dos camerinos estarán baixo a custodia e responsabilidade do vixiante correspondente.

g) Dispor e empregar, en caso necesario, os adecuados e suficientes extintores de incendios de lumes de distinta índole, que se situarán no escenario, nos seus anexos e nos puntos en que se precisen, contando co persoal especializado necesario para o seu correcto uso.

h) Impedir que se introduzan no recinto de actuación envases (vidro, metálicos ou doutros materiais) ou obxectos que pola súa natureza ou manipulación poidan causar danos a persoas ou bens, ademais de vixiar que as bebidas que se subministren ao público sexan servidas unicamente en vasos de plástico; responsabilizándose das consecuencias de obxectos lanzados ao escenario.

i) Vixiar o aparcamento delimitado para vehículos de produción e artistas, impedindo en especial a súa permanencia no interior do local de actuación. Os vehículos excepcionalmente autorizados permanecerán na zona de “backstage”.

j) Vixiar permanentemente o recinto e os obxectos que o artista e o seu equipo instalen no local da actuación, tanto efectos persoais de camerino, como instrumentos ou material de escenario. A empresa unicamente será responsable de calquera roubo ou deterioro, total ou parcial, dos bens depositados e declarados por escrito polos representantes dos artistas á súa chegada ao recinto, o que lle deberán advertir convenientemente.

k) Controlar o acceso do público, permitindo a entrada só ás persoas portadoras de entrada,

invitación ou credencial, e evitando que introduzan obxectos non permitidos.

l) Impedir a gravación do concerto, tanto no que se refire ao son como á imaxe do mesmo; consecuentemente, non se permitirá o acceso do público con gravadoras, cámaras de vídeo ou fotográficas, nin de calquera outro sistema de rexistro audiovisual. Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisada, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación visual ou sonora será obrigatorio dispor dunha autorización escrita asinada polo representante do artista, que deberá ser exhibida polo beneficiario para poder realizar o traballo.

m) Acreditar ao persoal que participa no espectáculo ou presta algún servizo no recinto, dependente da empresa, do artista ou do Concello. As acreditacións serán nominais, indicarán a zona de permanencia autorizada para cada persoa e exhibiranse permanentemente mentres se preste servizo. As únicas acreditacións válidas serán as facilitadas polo persoal técnico da Concellaría de Festas.

n) O servizo de vixilancia estará formado obrigatoriamente por persoal civil e especializado que cumprirá os seus cometidos de forma efectiva, pero absolutamente respectuosa coas persoas. O persoal de vixilancia seguirá as indicacións do responsable de seguridade, e no seu defecto responsable de produción. En ningún caso non se poderá utilizar persoal de protección civil para este cometido.

o) O servizo de vixilancia contará cun equipo de auxiliares de organización cun mínimo dun vixiante uniformado por carril de acceso para realizar o rexistro de entrada do público.

A non presentación de calquera dos documentos do apartado 2.6.a) suporá a exclusión da proposta ofertada.

### **3. PRAZOS DE EXECUCIÓN:**

**Auditorio de Castrelos:** Para os espectáculos programados para este recinto, as instalacións, o persoal e todos os servizos contratados deberán estar a punto ás 08:00 horas do día de inicio do primeiro concerto no mes de xullo, ata as 8:00 horas do día 15 de agosto. Estes servizos cesarán temporalmente naqueles casos en que o Concello teña cedido as instalacións do auditorio a outras administracións ou empresas privadas, nos horarios especificados.

### **4. DESCRICIÓN DOS SERVIZOS CONTRATADOS POR TIPOLOXIA DOS CONCERTOS E ESPECTÁCULOS:**

#### **Lugar: AUDITORIO DE CASTRELOS**

##### **4.1.1. TIPOLOXIA A1: (XENÉRICO)**

\* **Escenario:** a empresa adxudicataria ocuparase da montaxe e desmonte das tarimas de escenario e demais equipamento complementario do escenario existente no recinto, así como a montaxe das estruturas de “trusses” e cuberta móbil durante as datas de programación de concertos, e sempre que sexa necesario e así o indique o Concello. Unha vez finalizado o período de programación, deberá realizar o desmonte de todos estes elementos e almacenalos convenientemente no almacén do auditorio. A empresa adxudicataria disporá dos medios técnicos e humanos necesarios para realizar todas estas tarefas.

A empresa instrumentará o acceso dos equipos do artista ao escenario empregando os medios

materiais máis efectivos en función das características dos vehículos que os transporten. En caso necesario, facilitaranse ramplas (nunca escaleiras), ríxidas e capaces de soportar o peso a trasladar, que terán como mínimo 2 metros de ancho e unha inclinación leve para permitir o cómodo acceso do material ao escenario.

En caso de que os vehículos dos artistas non puidesen acceder ao escenario, e se tivesen que quedar a unha distancia superior a 50 metros ou se existisen chanzos que dificultasen o acceso do material, a empresa habilitaría solucións materiais para superar os problemas de carga e descarga, habilitando ramplas, vehículos interiores ou calquera outro material necesario.

Ademais, a empresa deberá prever un reforzo da capacidade de carga para determinados puntos do escenario, segundo as circunstancias que concorran nos procesos de montaxe e das necesidades dos espectáculos programados.

\* **Acometidas eléctricas:** instalación de acometidas e conectores para equipos de luz e son, motores, canons, e equipo audiovisual.

\* **Acometidas de auga:** instalación e acometida para rego da platea.

\* **Valados:** A empresa valará correctamente e de forma segura o fronte do escenario co valado antipánico existente no recinto, nos concertos que o requiran, en caso de que este valado non se adecúe ás esixencias do espectáculo, a empresa adjudicataria deberá subministrar o material adecuado.

A empresa valará con valado peonil (100 ud.) ou alto (40 ud.), segundo as necesidades, o perímetro das plataformas de son, mesa de control de equipos de luz e son, o aparcamento, accesos de público, e calquera outro punto que se precise por motivos de seguridade ou restrición de acceso. A instalación definitiva dos valados deberá contar coa conformidade do Concello.

\* **Protección dos equipos:** A empresa deberá ter prevista unha lona para a protección total das plataformas de control, por se fose preciso cubrilas por razóns de seguridade; así mesmo, disporá dun sistema adecuado para cubrir a totalidade dos equipos técnicos (luz, son, backline, etc.), por se as eventuais inclemencias meteorolóxicas motivasen a súa instalación a partir do momento da descarga dos materiais.

\* **Extintores:** A empresa disporá dos adecuados e suficientes extintores de incendios de lumes de diversa índole, no escenario e nos restantes puntos que se precisen, segundo o estipulado no Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación vixente ao respecto.

\* **Aluguer de mobiliario de camerinos e oficinas , aseos químicos e carpa VIP:** A empresa adjudicataria deberá subministrar para todo o período indicado o mobiliario necesario para dotar convenientemente os camerinos existentes no recinto – 2 colectivos para 10 persoas, 2 individuais para 2 persoas, e 2 colectivos para 6 persoas - (30 cadeiras, 1 sofá, 4 mesas de centro, 3 neveiras, 4 percheiros-burros, dous espellos de corpo enteiro, 6 papeleiras, perchas, etc), así como a oficina de produción (2 mesas oficina, cadeiras, alta de liñas telefónicas, teléfono/fax, ordenador e impresora, etc...); servizo de consigna: 1 mesa, 2 cadeiras, 1.000 ud. bolsas de plástico, 1.000 tickets numerados, 1 grampadora.

A empresa adjudicataria instalará e realizará o mantemento e limpeza de 4 baños químicos a instalar na zona da grada perimetral.

A empresa adjudicataria instalará 15 colectores grandes de recollida de lixo.

A empresa adjudicataria instalará unha carpa de 10 x 5 mts. Para atencións VIP, instalada sobre tarima e moqueta, con de barra de servizo de bebidas, mesa, cadeiras e catering por día.

\* **Ornamentación do escenario e das plataformas de son:** O escenario deberá estar debidamente



ornamentado segundo o especificado nos contratos asinados polo Concello e as necesidades dos espectáculos. Así mesmo, ornamentaranse as plataformas de son, en concordancia co escenario.

\* **Aluguer, montaxe e desmonte de cadeiras:** A empresa adxudicataria subministrará e instalará 2.500 cadeiras necesarias para o público asistente para CATRO espectáculos, dous consecutivos e o resto alternos a determinar no período establecido e ocuparse da súa montaxe e posterior desmonte. Así mesmo a realización e instalación de etiquetas para sinalar as zonas reservadas ou numeradas que se determinen polo Concello, revisión diaria para controlar especialmente a corrección da instalación e da numeración das cadeiras, efectuándose os axustes e as reposicións das etiquetas que resulten necesarias.

\* **Aluguer, montaxe e desmonte de estruturas:** Persoal necesario para montaxe e desmonte, transporte e aluguer de:

- Dúas alas de son de 2,50 x 2,50 x 14 mts. de oco libre que permitan o colgado de equipos de son de 3.000 kg (en cada ala). de peso máximo.
- Unha torre de control, mixer de 6 x 4 x 0,30 mts. para son, inmediatamente detrás plataforma para mesa de iluminación de 6 x 4 x 0,50 e torre e enriba dela unha torre de canóns de 6 x 4 x 4 mts.
- Dúas torres e voladizos para as pantallas de vídeo de 0,70 x 2 x 10 mts.
- Unha tarima de minusválidos de 8 x 3 x 0,50 mts con varanda perimetral.

\* **Aluguer, montaxe e desmonte de equipo audiovisual para Auditorio de Castrelos:**

- Dous proxectores de 5.000 lumenes.
- Dúas pantallas de retroproxección de 4 x 3 mts.
- Tres cámaras DVCAM con operador
- Un computador portátil
- Un equipo de realización: rack, pantallas, mesas .
- Unha persoa para realización.
- Un intercom-central e catro postos
- Persoal necesario para montaxe e desmonte e operadores dos equipos de proxección.

\* **Maquinaria e transportes**

- Carretilla elevadora para 2.500 kg. con condutor: terá unha capacidade de elevación mínima de 5 m. e estará dispoñible durante todo o proceso de montaxe e desmonte do espectáculo.
- Vehículo lixeiro de transporte persoal e materiais pequenos.

\* **Persoal:** A empresa adxudicataria deberá achegar todo o persoal auxiliar necesario en cada caso, segundo as especificacións dos contratos asinados polo Concello, e que como mínimo incluirá:

- 1 xefe responsable da produción.
- 1 xefe responsable de seguridade.
- 1 stage-manager
- 1 responsable de mantemento de escenario e infraestruturas.
- 1 oficial electricista.

- 1 Plantón
- 2 riggers para accesos a cuberta e torres de son para voados dos equipos.
- 1 runners para transporte de carga.
- 1 condutor de toro.
- 1 auxiliar para funcións de secretaría.
- 3 auxiliares de organización control accesos backstage.
- 1 auxiliar organización control accesos torre mixer.
- 1 auxiliar organización control accesos a carpa vip.
- 1 auxiliar organización control accesos aparcadoiro.
- 2 auxiliares de organización control accesos recinto 24 horas.
- 8 porteiros control entrada e accesos público.
- 4 vixiantes de seguridade uniformados para o cacheo do público.
- 2 auxiliares organización control accesos camerinos.
- 10 persoal de montaxe e desmontaxe de cadeiras
- 14 persoas de carga-descarga equipos.
- 6 persoas auxiliares de organización para fronte escenario-valado antipánico.
- 10 persoas auxiliares de organización para control do recinto e orientación na acomodación do público nas cadeiras, dende ½ hora antes de inicio do concerto (, 2.-fronte do foso, 2.-teitos baños, 2.-terraza edificio e 4.-valos laterais).
- 1 auxiliar de organización para atención a minusválidos.
- 1 auxiliar organización para o servizo de consigna.
- 1 persoa de limpeza camerinos, escenario e baños químicos.

O número de persoas finalmente necesarias adicadas a traballos auxiliares de organización adecuarase as esixencias diarias do evento.

**\* Varios:**

- Servizo de consigna: Instalado nos accesos exteriores á platea para servizo de consigna de cámaras, cascos, etc.
- Calquera outra instalación ou equipamento menor que resulten necesarias para o correcto desenvolvemento dos espectáculos do programa.
- As instalacións descritas realizaranse por instaladores autorizados segundo a normativa que corresponda e a seguridade das mesmas acreditarase mediante documento técnico e por unha póliza de seguro subscrita para este fin.

A dirección das montaxes responderá en último caso ás instrucións impartidas pola Xefatura de Servizo do Concello de Vigo ou polos seus representantes.

Os responsables da empresa adxudicataria disporán de sistemas móbiles de comunicación telefónica e estarán localizables durante todo o período do programa. Así mesmo, dentro do recinto e durante o desenvolvemento dos espectáculos, deberán contar con sistemas de comunicación interno (“walkies” ou

similar).

#### **4.1.2. TIPOLOXIA A2:**

**Datas: 30 e 31 de xullo.**

Inclúe os servizos contratados neste apartado para os espectáculos xenéricos (tipoloxia A1), incrementados cos seguintes servizos e infraestruturas para dous concertos:

\* **Aluguer, montaxe e desmonte de estruturas:** Persoal necesario para montaxe e desmonte, transporte e aluguer de:

- **Producción específica para festivais de masas corais**
- Cuncha acústica de madeira que rodee as gradas do coro.
- Gradas para 110 persoas do coro
- 40 cadeiras para orquestra.
- 40 atrás.
- Proxección de audiovisual do artista.

\* **Son, iluminación e backline:**

- Equipo de luz cunha potencia 100.000 w. disposto sobre truss dianteiro e traseiro con canón de seguimento.
- Catro técnicos cualificados, dous para iluminación e dous para son: días 30 e 31 de xullo
- Equipo de son cunha potencia suficiente para cubrir a platea e a grada do auditorio e unha presión acústica de 110 db's en todo o ámbito do recinto. Sistema Line Array de primeira marca. Cumprindo o rider técnico das corais.

#### **4.1.3. TIPOLOXIA A3:**

Inclúe os servizos contratados neste apartado para os espectáculos xenéricos (tipoloxia A1), incrementados cos seguintes servizos e infraestruturas para dous concertos:

\* **Son, iluminación e backline:**

- Equipo de luz cunha potencia mínima 100.000 w. disposto sobre truss dianteiro e traseiro con canón de seguimento. Cumprindo o rider técnico dos artistas.
- Seis técnicos cualificados, tres para iluminación e tres para son.
- Equipo de son cunha potencia suficiente para cubrir a platea e a grada do auditorio e unha presión acústica de 110 db's en todo o ámbito do recinto. Sistema Line Array de primeira marca. Cumprindo o rider técnico dos artistas.

### **5.- DOCUMENTACIÓN TÉCNICA A PRESENTAR.**

As empresas licitantes deberán presentar imprescindiblemente, xunto coa documentación administrativa e a oferta económica a seguinte documentación:

- a) **Proxecto de produción global** que inclúa como mínimo:

- Descrición e acreditación da experiencia da empresa e do equipo de traballo na actividade de produción e organización de actividades e eventos culturais, cunha relación dos principais traballos realizados nos últimos tres anos, incluíndo unha descrición detallada dos mesmos, importe facturado, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmos. A tal fin, as ofertas adecuaranse ó disposto no artigo 67 da Lei 30/2007, no que á solvencia técnica e profesional se refire.
- Organigrama do persoal contratado en cada caso, coas principais funcións de cada posto, a súa interrelación orgánica por espazos de programación, horarios de dispoñibilidade por datas e lugares, cualificación requirida para cada posto específico, avaliación de riscos e plan de prevención de riscos laborais. O devandito plan de prevención de riscos laborais deberá axustarse ó disposto no prego técnico (apartado 2.6) da contratación deste servizo.
- Cuantificación individualizada das unidades de coste produción e persoal (unidades, concepto, prezo/hora, etc).
- Especificación da porcentaxe de infraestruturas, equipamentos e persoal que se realizan con medios propios e da que se realiza con medios subcontratados.
- Póliza de responsabilidade civil, cunha cobertura mínima de 1.200.000 euros, derivada da execución do contrato, para cubrir os danos materiais e persoais ocasionados a terceiros así como danos ós bens custodidados. A empresa adxudicataria terá que presentar copia da póliza e copia do ultimo recibo que xustifique que esta ao corrente no pagamento ata finalizar o período de contratación.

**b) Proxecto de produción parcial** coa cuantificación e valoración das necesidades de cada espectáculo por día a fin de valorar posibles reducións do prezo en caso de modificación ou anulación dalgún espectáculo, sempre e cando a empresa adxudicataria recibise tal comunicación coa antelación de 8 días. Así mesmo poderase incrementar o número de espectáculos que se aboarían segundo a proposta do adxudicatario sempre e cando o importe total dos devanditos incrementos non supere o 20 % do prezo total do contrato.

A non presentación de calquera dos documentos antes mencionados nos apartados 5.a e 5.b suporá a exclusión da proposta ofertada.

A fin de poder garantir o cumprimento de todos estes servizos, o Servizo de Animación Sociocultural facilitaralle á empresa adxudicataria, coa suficiente antelación, copias dos distintos contratos de actuación asinados para cada espectáculo, así como, do Plan de Autoprotección do Auditorio ao aire libre de Castrelos, que será de obrigatorio cumprimento por parte da empresa adxudicataria.

LG/vmo

Vigo, 29 de abril de 2010

A técnica do servizo de animación sociocultural

Luz María González Domínguez

Conforme,  
O concelleiro delegado da Área de  
Cultura e Animación Sociocultural

Xesus López Carreira.